

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 58, do 22 de marzo de 2007, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 4.548, no artigo 19.1 letra b), onde di «avaliación do rendemento e calidade dos servizos», debe dicir «avaliación do desempeño e calidade dos servizos».

-Na páxina 4.548, no artigo 19.1, débese engadir unha letra c) co seguinte contido: «c) A emisión de informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral emanados das consellerías da Xunta de Galicia, dos seus centros directivos e organismos autónomos, que afecten a procedementos administrativos por instancia de parte».

A actual letra c), pasa a ser a d), e así sucesivamente.

-Na páxina 4.549, no artigo 20.1 letra e), onde di «e) A dirección e coordinación, desde un punto de vista funcional, do sistema de información administrativa e atención ao cidadán da Xunta de Galicia.», debe dicir «e) A dirección e coordinación, desde un punto de vista funcional, do sistema de información administrativa e atención ao cidadán da Xunta de Galicia e do sistema de suxestións e queixas».

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 16 de abril de 2007 pola que se modifica a Resolución do 28 de xullo de 2006 pola que se desenvolve o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, e se regulan en réxime de concorrencia competitiva as axudas para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.

Á vista das solicitudes presentadas no seo do procedemento de axudas de referencia que exceden o importe inicialmente previsto na Resolución do 28 de xullo de 2006, e en consideración, dunha banda, da situación xeral de necesidade urxente de abordar as obras que se desprenden das memorias e informes

técnicos presentados dos que se conclúe a inconveniencia de agardar novas convocatorias, e doutra, o prazo sinalado polas comunidades para desenvolver as obras para as que se solicitan as axudas, que alcanzan en moitos casos o ano 2008, considérase a necesidade de reaxustar e ampliar os importes previstos na resolución antedita e, en virtude do anterior,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 6 da Resolución do 28 de xullo de 2006 pola que se desenvolve o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, e se regulan en réxime de concorrencia competitiva as axudas para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública, que queda redactado nos seguintes termos:

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación 17.90.451C.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, destinándose para tal fin 2.089.526,84 euros no ano 2007 e 1.958.704,21 euros no ano 2008.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2007.

Teresa Táboas Veleiro

Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 17 de abril de 2007 pola que se dispón a renovación do mandato de dous vogais do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a designación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das administracións públicas, das entidades e dos organismos que representen aqueles.